

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 60

Sesión Plenaria
4 de agosto de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 29710, 12/LGNF-000002).



SUMARIO

Ábrese a sesión á unha e nove minutos da tarde.

O señor presidente abre a sesión e comunica a xustificación de inasistencia de dona Elena Espinosa Mangana. (Páx. 4.)

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. (Punto único)

O señor presidente comunica os termos do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de agosto de 2025, así como os tempos de exposición e debate. (Páx. 4.)

Exposición do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 4.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 9.), Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 11.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 14.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 18.).

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026: aprobado por 40 votos a favor, 30 en contra e 1 abstención. (Páx. 22.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración en apoio do manifesto da Plataforma Dereito ao Tren, que é aprobada por asentimento. (Páx. 22.)

Remata a sesión ás dúas e dezanove minutos da tarde.



Ábrese a sesión á unha e nove minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a súa inasistencia dona Elena Espinosa.

Sen máis, entramos no punto único.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: Todo iso tendo en conta que o Consello da Xunta de Galicia, do día 1 de agosto de 2025, acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, que se fixa en 14.177 millóns de euros, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, remitido a esta Cámara para a súa aprobación xunto co Informe da estratexia financeira fiscal referido no artigo 12 punto 1 da precitada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de quince minutos para a súa presentación. A seguir, concederase unha rolda para cada un dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos cada un.

Polo tanto, comezamos co conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe perante o Pleno do Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2026, aprobado o pasado venres polo Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

Un ano máis, quero salientar que Galicia foi pioneira en dotarse deste instrumento de disciplina orzamentaria mediante unha lei, co que xa son quince os anos que levamos debatendo o límite de gasto nesta Cámara. E, ademais, con valor engadido a outras



comunidades autónomas, pois a nosa normativa non só prevé a aprobación do teito de gasto por parte do Executivo, senón que prevé tamén o seu debate no Parlamento, trámite no que estamos agora mesmo.

Señorías, como ben saben, o límite de gasto non financeiro é o instrumento que permite establecer a contía máxima do orzamento para o vindeiro exercicio. Cómpre aquí lembrar que, dende o ano 2024, as regras fiscais da Unión Europea buscan canalizar as finanzas dos estados membros cara a niveis sostibles de débeda, e ter marxe fronte a eventos desfavorables que poidan acontecer nun futuro. A prioridade é controlar o nivel de débeda a través dun único indicador operativo: o gasto primario neto financiado a nivel nacional —os fondos propios autonómicos que coñecemos todos—. Pero, á diferenza doutras ocasións, tamén se incorporan outros obxectivos chamados a facer máis levadeiro este proceso, como garantir un crecemento sostible e inclusivo. Trátase de acadar un saneamento integral das facendas públicas, pero impulsando reformas e investimentos que avancen cara á transición ecolóxica e dixital ou a cohesión social nun contexto de déficits controlados. O límite de gasto non financeiro que presentamos quere cumprir con este marco europeo.

Antes de explicar o teito de gasto non financeiro para o vindeiro ano, é obrigado facer unha referencia ao contexto económico actual, con incertezas tanto no eido interno como externo. En efecto, no que atinxe as últimas, neste momento, a economía mundial afronta un período de grande incerteza, como ben saben. Tras uns anos de crecemento resiliente malia os atrancos encadeados tras a pandemia, a invasión de Ucraína, os conflitos de Oriente Próximo ou o cambio da política comercial de Estados Unidos están conducindo a unha desaceleración mundial.

En España, para este ano 2025 tamén se prevé unha moderación no crecemento da economía, en gran medida por esta incerteza sobre a situación internacional, que se ve agravada internamente pola inestabilidade do Goberno central. Para o ano 2026, as previsións de consenso dos principais organismos internacionais sitúan o crecemento do PIB español en torno do 1,8 por cento, continuando coa desaceleración comezada neste exercicio.

En canto a Galicia, os datos máis recentes amosan unha prolongación da fase expansiva da economía galega, pois o PIB se incrementou un 2,8 por cento no ano 2024 —seis décimas máis que no ano 2023—, e no primeiro trimestre do 2025 acadou un crecemento intertrimestral do 0,9 por cento —unha décima superior ao dos trimestres anteriores—. Esta recente evolución é a que nos leva, a partir do traballo rigoroso do IGE, a mellorar para este exercicio tanto a estimación de crecemento do PIB como a taxa de paro.

Así, prevemos unha mellora do PIB dunha décima, ao pasar do 2,3 por cento fixado nos orzamentos en vigor ao 2,4 por cento; unha cifra —reitero— prudente. Esta mellora débese a unha mellor evolución do investimento galego.

Respecto á taxa de paro, conseguimos estabilizala por debaixo do 10 por cento dende hai dous anos, e, para o ano 2025, a previsión media do ano é que baixe ata o 8,3 por cento, case un punto menos do previsto inicialmente nos orzamentos tamén, que era un 9,1 por cento, como saben.



Quero poñer en valor que levamos catro exercicios consecutivos mellorando a previsión de crecemento que incluímos nos orzamentos, o que demostra que —como sempre dicimos— somos prudentes. E, ademais, con independencia do ciclo electoral, fixamos sempre unha cifra realista e adaptada a cada conxuntura económica. Só así, con estimacións fiables, podemos logo elaborar orzamentos útiles.

Para o ano 2026, pola situación de incerteza á que xa me referín, queremos ser tamén prudentes e prevemos un avance do PIB do 1,9 por cento, en liña co crecemento previsto polos principais organismos internacionais para o conxunto de España. Desta forma, Galicia encadeará seis anos de crecemento sostible e, ademais, a taxa media de desemprego tamén seguirá a baixar ata o 7,8 por cento, rozando mínimos históricos.

Señorías, o primeiro que quero poñer en valor é que o Goberno galego pode aprobar este teito de gasto non financeiro porque temos estabilidade e somos previsibles, o que nos permite cumprir en tempo e forma cos prazos legais previstos. *(Aplausos.)*

Traemos ao Parlamento este teito de gasto, pese a que o Goberno central segue sen achegar datos básicos para a súa elaboración, como o Informe de posición cíclica do Reino de España, que debe emitirse nos primeiros seis meses do ano, ou a senda de déficit. Nin tan sequera cumpriu coa obriga legal de convocar o Consello de Política Fiscal e Financeira para achegar estes obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Pero, señorías, o Goberno galego si que cumpre cos seus prazos e, pese a esta sistemática grave falla de cumprimento do Goberno central das normas de gobernanza financeira, aprobamos nos prazos legais o límite de gasto non financeiro. Na Xunta, cumprimos e illamos de novo Galicia da inestabilidade política financeira e de gobernanza na que ten sumido España o Goberno central. En Galicia, levamos xa máis dun mes traballando nas contas para o ano 2026 e, hoxe, damos un paso máis no ciclo orzamentario. Mentres o Goberno de España aínda está cos orzamentos do ano 2023, prorrogados dous anos, e renunciando a presentar as contas pese a que é unha obriga constitucional, na nosa comunidade autónoma avanzamos —como dicía— cara ao orzamento do 2026.

Esa estabilidade, esa responsabilidade e ese sentidiño apuntan a que Galicia manteña un crecemento sostido, cunha mellor evolución media que España na pospandemia —un diferencial de 2,1 puntos— e un crecemento agardado para o 2026 que é o maior dende o ano 2019; a que Galicia estea en condicións de medrar este ano máis do dobre que a zona euro, cun 2,4 por cento fronte a un 0,9 por cento, e medio punto máis no 2026: o 1,9 por cento fronte ao 1,4 por cento. Apuntan tamén a que Galicia reduza de xeito importante a taxa de paro, coa previsión de situarse por debaixo do 8 por cento —en concreto, o 7,8 por cento de media— para o ano 2026, e a que tamén sigamos entre as comunidades autónomas coa menor *ratio* entre débeda e PIB, coa previsión de situala xa este ano por debaixo do 14 por cento e de reducila no seguinte ata o 13,4 por cento.

Como dicía, en abril do 2024, a Unión Europea aprobou as normas que configuran o novo marco europeo de regras fiscais. En outubro do ano pasado, o Goberno de España presentou o seu Plan de axuste fiscal de medio prazo por superar os limiares de débeda, sen un debate



nas Cortes e sen consultar nin informar previamente nin as comunidades autónomas nin a propia Airef. O pasado 30 de abril, o Goberno de España remitiu o Informe anual de seguimento do Plan fiscal estrutural, que persiste na indefinición sobre o marco fiscal nacional: non hai obxectivos específicos para os distintos niveis das administracións, nin anuais nin plurianuais, tal e como advirte a Airef. De feito, o novo marco, conformado por dous regulamentos e unha directiva, aínda non foi traspasado á normativa nacional.

Tampouco se consultou nin se informou, como dicía antes, sobre o alcance da taxa de referencia de gasto comunicada pola Comisión Europea a España, nin sobre a proposta do Goberno de España en resposta, nin —moito menos— sobre a súa repercusión para os gobernos autonómicos. Quero lembrar que o Goberno galego si que demandou estes aspectos nos últimos plenos do Consello de Política Fiscal e Financeira. Desta forma, a normativa vixente aplicable ás comunidades autónomas é a regra de gasto nacional, que difire da nova regra europea agora aprobada.

Señorías, neste escenario, e con todos estes atrancos, foi no que tivemos que realizar os nosos cálculos. Ao pouco tempo que tivemos dende que nos comunicaron os recursos do sistema de financiamento autonómico para o ano 2026, únese que as cifras viñan cunha certa trampa, pois sinalan un crecemento de case un 7 por cento, cando en realidade, pola aplicación da antedita regra de gasto, Galicia só poderá dedicar a metade deste aumento ao gasto non financeiro; é dicir, ao financiamento do gasto ordinario dos servizos públicos. Neste senso, o Goberno central non pode facer o dobre xogo de trasladar que o Goberno galego pode dispoñer de máis recursos e, ao mesmo tempo, mandarlle un requirimento á Xunta —como o que mandou o pasado 4 de xuño— por incumprir a regra de gasto do ano 2024 e instala a enviar unha axenda de gasto axustada á taxa de referencia. O Goberno galego, insisto, non comparte os criterios de definición da regra de gasto. De feito, a aplicación da mesma taxa a todas as comunidades autónomas xera importantes situacións de desigualdade, porque non todas soubemos manter a solvencia das nosas finanzas nin todas mantemos os mesmos niveis de gasto por habitante. Non é casualidade, daquela, que trece comunidades autónomas incumprisen esta regra no ano 2024.

Tamén quero reiterar unha vez máis, para ver se non se volve tentar confundir, que os ingresos do sistema de financiamento autonómico non se materializan por vontade do Goberno central, senón que son a consecuencia da recadación dos impostos que pagan os galegos polo IRPF, o IVE e os impostos especiais na nosa comunidade autónoma. O que tería que facer o Goberno, en vez de tentar confundir, é deixar de xogar co financiamento das comunidades autónomas e achegar os recursos precisos cada ano. Este ano tardou sete meses en actualizar as entregas á conta do ano 2025, e a súa proposta de financiamento singular pon en risco os fondos de nivelación, que favorecen agora a nosa comunidade autónoma malia que de xeito insuficiente. Isto si que ten importantes custos financeiros para Galicia.

Por tanto, neste escenario, o Goberno galego esgota toda a capacidade de gasto legal que ten e aproveita os restantes recursos para reducir o endebedamento neto. Deste xeito, para o ano 2026, combinamos a maior capacidade de gasto da nosa historia cunha redución do endebedamento, mellorando aínda máis a solvencia da Comunidade Autónoma.



Señorías, pasamos agora ás cifras concretas. En primeiro lugar, podemos salientar que os recursos propios autonómicos medran en 485 millóns de euros, co cal acadarán os 12.276 millóns de euros no ano 2026. A esta contía temos que aplicar os axustes precisos para transformar estes recursos en gasto computable para os efectos do cálculo do cumprimento da regra de gasto. Como dicía antes, esgotamos este límite. Acadamos o límite máximo computable do 3,5 por cento de gasto permitido co presente teito de gasto. Neste senso —reitero—, do case 7 por cento que se incrementan as achegas do sistema de financiamento en Galicia, só se poderán dedicar ao gasto produtivo e a reforzar servizos públicos aproximadamente a metade, o 3,5 por cento, pola aplicación da devandita regra. É unha regra que —insisto— non está adaptada ás normas europeas, xa que se definen de forma diferente, e que non se consensuou coas comunidades autónomas, unha vez rematado o período da cláusula de salvagarda no ano 2024.

Á suba xa citada de 485 millóns de euros de fondos propios autonómicos, hai que engadir o incremento de 76 millóns de euros de fondos finalistas do Estado e da Unión Europea, o que supón un límite de gasto ordinario que aumenta en 561 millóns de euros. Por último, grazas ao avance da execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, dos que xa quedan unicamente remanentes que se corresponden con gastos plurianuais e algunha operación para comprometer no ano 2026, engadiríase este resto e estes diminúen en 378 millóns de euros, por ser —como dicía— o 2026 o último ano no que se poden executar. Con todo isto, en total, o límite de gasto para o ano 2026 supera, por primeira vez, os 14.000 millóns de euros; en concreto, 14.177 millóns de euros, 223 millóns máis que este ano. A planificación das políticas autonómicas en materia financeira permitiu que dende o ano 2020 se incrementasen en case un 40 por cento os recursos ordinarios da Comunidade Autónoma, e todo isto reducindo o endebedamento.

Para o ano 2026, a previsión non só é non incrementar o endebedamento neto por terceiro ano consecutivo, senón reducilo. Señorías, ter un modelo de endebedamento responsable é actuar con rigor, acudir á débeda nos momentos de dificultades económicas e poder reducila cando existe a marxe económica para facelo, co fin de poder ter unhas finanzas solventes que nos permitan volver endebedarnos nos momentos de dificultade. O contrario, endebedarnos nos momentos de dificultade e endebedarnos tamén durante a bonanza económica, levaríanos á insostibilidade da facenda autonómica, e este non é o noso modelo.

Por tanto, señorías, presentamos nesta Cámara un límite de gasto que é o máis alto da nosa historia, que supera por primeira vez os catorce mil millóns de euros e que esgota a nosa capacidade máxima de gasto legal, cun maior peso dos recursos ordinarios, sen déficit por terceiro ano consecutivo e con menos endebedamento. Desta forma Galicia, un ano máis, pon a estabilidade política ao servizo da cidadanía, sendo das primeiras comunidades en aprobar o teito de gasto non financeiro. Con este instrumento, reafirmamos o noso compromiso coa sustentabilidade das finanzas públicas, á vez que prevemos seguir consolidando un crecemento sostido e a creación de emprego, co obxectivo de seguir reforzando os servizos públicos, seguir axudando as familias e as empresas, seguir aumentando o parque público de vivendas para favorecer o seu acceso aos galegos e seguir impulsando a innovación, como base dunha economía competitiva e xeradora de empregos de calidade.



Por todo o anterior, pídolles a todos os grupos parlamentarios o seu apoio para este teito de gasto non financeiro para o ano 2026.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Esta documentación, cuxo resumo acaba de facer agora o conselleiro, foinos remitida aos grupos o pasado venres ao mediodía. Agora estamos a luns, cunha fin de semana interesante polo medio. Esta fin de semana, de tránsito entre o mes de xullo e o mes de agosto, Galicia —como todos vostedes saben— arde en festas, arde en romarías e arde en acontecementos familiares, porque todos recibimos nas nosas casas familiares que veñen de vacacións e que levan tempo fóra. Quen temos responsabilidades públicas, seguramente, asistimos a moitos eventos festivos nesta fin de semana porque é tamén onde se interactúa coa xente; onde hai un certo ambiente lúdico e, polo tanto, de liberdade, onde poder interactuar cos veciños e coas súas reivindicacións.

Eu vin moitos de vostedes que están aquí agora presentes. Coincidín con moitos de vostedes nalgúns destes eventos, sobre todo nos da provincia de Ourense. Hai festividades de promoción de produtos gastronómicos da terra, hai romarías dedicadas a diferentes santos e a diferentes virxes baixo diferentes advocacións, e mesmo houbo unha importante manifestación multitudinaria na Gudiña, reclamando un servizo importante de tren para a comarca, onde tamén vin moitos de vostedes. Por certo, vin tamén membros dos grupos políticos que poden ter algunha influencia nas decisións de Madrid e, polo tanto, habería que pedirilles un pouco de coherencia e que reclamen tamén alí iso que estaban pedindo na manifestación da Gudiña. Quero dicir con isto que a verdade é que houbo pouco tempo para analizar toda esa documentación. Parece bastante lóxico.

Eu pareime a pensar se o señor conselleiro e o seu equipo elaboraron este traballo en dous días, porque se a nós, os deputados, nos dan dous días —mediando, como dixen antes, as datas singulares entre o venres pasado e hoxe, luns— para analizar esta documentación complexa, cabe supoñer que el lle dedicou tamén, máis ou menos, dous días; ou sexa, unha magnitude de tempo comparable. Sería bastante —non sei— abusivo que el e o seu equipo lle dedicasen á elaboración deste informe, ao mellor, un mes, quince días ou dous meses, e que, despois, nos dean a nós unha fin de semana polo medio para analízalo.

Tamén cabe outra posibilidade. Cabe a posibilidade de que o Executivo non crea realmente no Lexislativo. Eu entendo que esta falta —vouna cualificar— de respecto —despois imos ver se pode ser así ou pode ser por outro motivo— é unha falta de respecto ao Lexislativo. Xa non aos grupos da oposición; ao Lexislativo. É o Executivo o que fai unha proposta o



venres pasado á unha da tarde ao Lexislativo, e tamén os deputados do Partido Popular forman parte desta Cámara e forman parte do Lexislativo. Entón, eu non sei se o Executivo pensa desa maneira: o Lexislativo... Ese é un trámite innecesario...

Estamos criticando que en Madrid o Executivo tamén parece querer *puentear* o Lexislativo. Pois, aquí estase facendo —ou eu interpreto que se está a facer— máis ou menos o mesmo. A verdade é que non é normal que dispoñamos dunha fin de semana —aínda que dispuxésemos dunha fin de semana normal que non fose festiva, que non fose período estival e que non fose de tantas romarías populares— para interpretar uns informes nos que hai derivadas. ¡Os que estudaron por letras non sei como fan para entender o da derivada dun cociente, a derivada do numerador polo denominador sen derivar e todo iso, sumatorias, diagramas polares...! O lóxico sería que tivésemos que recorrer tamén a profesionais —asesorías económicas, asesorías empresariais— que nos axudasen a entender iso; pero, claro, jeses tampouco traballan nas fins de semana! Díganlle vostedes a unha empresa en período estival, a unha empresa que se dedique a esta clase de cousas —asesores empresariais e asesores económicos—, que lles axude a interpretar esta cuestión nunha fin de semana entre xullo e agosto e que faga traballar os seus empregados para iso. Isto non é normal.

¿Pode ser porque o propio Executivo non dispuña dos datos que lle tiñan que enviar desde Madrid ou desde Europa? Ben, pois dígannolo. Dígannolo, porque somos persoas adultas, pero non nos digan: ¡hai que traballar en fin de semana! Están falando cunha persoa que, durante moitos anos, traballou as fins de semana no verán *a tope* pola miña condición de músico. Xa imaxinan: verbenas, festas e sesións vermú. A min non me falen do que é traballar na fin de semana no verán, xa que lles podó dicir que teño bastante experiencia niso. A min non me caen os aneis por iso, por traballar nas fin de semana no verán, pero esa non é a cuestión.

Tamén, outro argumento que esgrimiu o Partido Popular foi que xa se fixo así outra vez. E, como xa se fixo outra vez así, agora está xustificado facelo outra vez. Falacia anti... ¿Como é? ¿Como se dicía en latín?— Falacia de antigüidade, ¿non?, falacia *ad antiquitatem*, ou algo así. Sábeo o señor Ferro, que sabe latín. E, por certo, hai tamén unha falacia de autoridade por dicilo en latín; parece que por dicilo en latín ten máis categoría.

¡Bueno!, é igual, quero dicir que non é un argumento dicir que xa se fixo así outra vez, porque, ¡claro!, o ano que vén —agora xa contan con dúas veces— van dicir: xa se fixo así unha vez e outra, e esta xa é a terceira; entón xa —di un proverbio xudeu: «Se cometes un pecado tres veces, deixa de ser un pecado»—, claro, hai dous precedentes, e o ano que vén xa se vai facer así. E quero dicir con isto que esta non é a maneira de traballar.

Falaba o señor conselleiro de «responsabilidade» e de «rigor»..., xa me dirán vostedes. Eu isto, máis que para vostedes, estouno dicindo para a xente que nos vexa despois nas redes sociais e na televisión. A ver se lle parece normal á xente do común que o Executivo presente esta documentación do teito de gasto un venres ao mediodía para ser votada un luns ao mediodía, mediando esta fin de semana, que —como digo— todos tamén temos outras cuestións interesantes que facer, salvo que —pois iso— non haxa un respecto polo labor do Lexislativo.



En canto ao número, efectivamente, medrou un pouco en relación co ano pasado, e seguramente podería ser máis ou podería ser menos, pero eu aquí vou falar doutra cuestión. Cando se fala de cuestións, os científicos, ás veces, falan de dous tipos de factores en determinadas cuestións: o factor extenso e o factor intenso. Moitas veces nas ciencias as cuestións xorden da multiplicación destes dous tipos de factores —o factor extenso e o factor intenso—. ¿O factor extenso? É a cifra, 14.177 millóns de euros. ¿O factor intenso? É a eficacia con que se gasten, que é case o que máis nos pode interesar. ¿É moito ou é pouco? Depende; depende de se se gastan con eficacia, de se se gastan con sentidiño e de se se gastan priorizando o que se debe priorizar. Por exemplo, sabemos como está o tema da sanidade. E priorizando tamén, ás veces, a discriminación territorial positiva, como ten que suceder, por exemplo, na provincia de Ourense.

Se se gastase con eficacia, con rigor e con boa asimilación das prioridades, podería ser que fose suficiente. A verdade é que eu interpretei moitas veces que non se gasta conforme eu entendería con rigor e con prioridades fundamentais, porque —xa dixen—, por exemplo, na Televisión de Galicia estimo que a cantidade...; iso xa vai ir, despois, nos orzamentos, pero quero dicir que a valoración da cifra en si tamén tería que ter un pouco en conta os precedentes que hai acerca da eficacia do seu gasto. Ata me veu a sospeita cando vin que o número acababa en 77. Dixen: ¡vaia!, alí, na Deputación de Ourense, había un presidente que axustaba un pouquiño os presupostos para que caesen no esotérico número sete. Vou descartar esa posibilidade aquí pero, ¡bueno!, quero dicir que me veu á cabeza; a ver se vai haber algún factor esotérico tamén aquí nesta cifra.

Loricamente, non podemos valorar con todo o rigor. Hai un dito que me chamou moito a atención algunha vez. Lino hai moitos anos, non sei se foi el principio de Peter ou se foi o de Murphy —un deses—, que dicía: con toda a información, calquera pode tomar unha boa decisión; con pouca información, só os talentos poden tomar unha boa decisión; e despois, o xenio traballa na máis absoluta ignorancia. Entón, cando eu escoitaba o conselleiro, que dicía que lle faltaba moita información, que non lle chegara de non sei onde..., acórdome diso. Hai que ser un xenio para tomar decisións sen información, ¿non?

E eu non teño a información suficiente como para votar a favor ou en contra do teito de gasto, desta cifra. Voume abster. E, sinxelamente, voume preocupar, no futuro, de que sexa cal sexa o resultado da votación —que imaxino que será a favor do Partido Popular—, se gasten estes cartiños con sentidiño e, sobre todo, tratando de reverter a situación discriminatoria da provincia de Ourense.

Nada máis e grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.



Bo día, señor Corgos.

Aínda que —non o tome a mal— a min hoxe me gustaría dicir «bo día, Alfonso Rueda» ou «bo día, presidente da Xunta», porque pensei que, no momento histórico que vivimos, no cal está habendo un debate importante —creo que nós debemos participar nel aquí, en sede parlamentaria—, eu creo que algo que demostraría unha *auctoritas* —máis que unha *potestas*, unha *auctoritas*— sería que hoxe nesta tribuna estivese o presidente da Xunta falando —por certo, con todo o tempo do mundo— sobre o financiamento autonómico, sobre a condonación da débeda...; en definitiva, sobre cuestións que van cuestionar e que van estar enriba da mesa durante este ano. E —insisto— creo que sería unha boa forma de que coñecésemos da voz propia do presidente da Xunta cal é a súa posición, cal é o seu modelo de financiamento, que, —coincidirán comigo—, efectivamente, iso condiciona —e moi moito— as contas públicas do noso país e o futuro do noso país.

Dígoo, porque como estabamos acostumados a que durante estes días andásemos —permítame a expresión, que non é en ton pexorativo— zascandileando polo resto de España, falando en contra dun modelo de financiamento —o cal é lexítimo, efectivamente, non estar de acordo con el—, si estaría ben que en Galicia e para Galicia aquí, en sede parlamentaria, se falase de cal é o seu modelo de financiamento para coñecelo todos e para poder discutilo en Galicia e para Galicia. (*Aplausos.*) Recoñezo que tiña a esperanza de que hoxe fose vostede quen falase aquí, por certo —como dicía antes—, sen tempo límite, pero non, non houbo esa sorte.

E a pregunta, entón, é se ten o presidente da Xunta algo máis que dicir e que criticar a outras comunidades —en especial, a Cataluña— ou se ese é todo o seu proxecto financeiro en relación co financiamento autonómico. ¿Ten unha proposta alternativa ou o seu proxecto soamente é un proxecto de confrontación? Porque, cando falamos de recursos públicos, falamos do que verdadeiramente importa, do que importa á inmensa maioría dos galegos e das galegas: falamos da vivenda para a mocidade, dos centros de saúde, das escolas en toda Galicia —e, por certo, con persoal suficiente—, dos coidados dos nosos maiores; en definitiva, falamos da vida real e do que está en xogo día a día. E por iso é tan grave o que está a facer o Partido Popular na Xunta.

Traen hoxe vostedes aquí para a súa aprobación un teito de gasto que, nos últimos anos, ás veces cumpren e ás veces non —isto é como os pementos de padrón: uns pican e outros non—. Pois, co teito de gasto, estamos igual: unhas veces cúmprese e outras non. Digámolo con total claridade: vostedes xestionan mal. O mito que vostedes alentan coa súa propaganda é un verdadeiro o bulo. E así o di os informes oficiais, non o di o Partido Socialista; dino os organismos independentes fiscalizadores: o Consello de Contas ou a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal. Este último acaba de recriminar á Xunta de Galicia que triplique o gasto permitido por lei sen que supoña melloras para Galicia e poñendo en risco o saneamento das contas públicas. Por certo, tamén se advirte sobre os efectos perniciosos das súas medidas fiscais para o ano 2024, nas deste ano 2025 e para o ano 2026, porque os seus agasallos fiscais para os que máis teñen provocan a perda de recursos para Galicia.

Galicia ten recursos, pero o Partido Popular da Xunta non sabe nin quere aproveitalos para fortalecer o noso país. Só lles serven para establecer o que xa se chama como «bono



Goberno»: cada problema, un bono; cada crise, unha propaganda. Este ano tocou cos 2,5 millóns do Bono Peixe, supostamente para impulsar a industria pesqueira, aínda que, dende que vostedes gobernan, a caída do consumo do peixe está cifrada ao redor dun 25 por cento. Mentres tanto, este ano devolven 23 millóns de euros destinados á educación infantil (*Aplausos.*) —dez veces máis—, (*Aplausos.*) só porque non os podían derivar a educación infantil privada. (*Aplausos.*) ¿E para o ano 2026? ¡Bueno!, pois teremos que agardar algúns meses para coñecer cales son os novos bonos do Goberno da Xunta de Galicia.

Que non xestionan é unha evidencia, e algúns feitos —creo— son absolutamente sangrentos. Non executan os fondos europeos, só un 51,3 por cento, é dicir, a metade, esquecéndose das dúas provincias da Galicia interior: de Lugo e de Ourense. Non gastan os fondos para investir en vivenda. Galicia é a segunda comunidade autónoma con peores índices de execución dos fondos destinados a corrixir os desequilibrios económicos territoriais. E o máis grave, nin no ano 2022 nin no ano 2023, provincias como Lugo e Ourense recibiron nin un só euro: ¡cero euros! E iso é abandonar a Galicia que máis o necesita. (*Aplausos.*)

Galicia nunca tivo tantos recursos: máis de once mil millóns, que acaban de ser transferidos polo Goberno central do Estado, grazas a unha boa xestión económica dun Goberno progresista que vostedes levan anos negando. Nada máis e nada menos que un corenta por cento máis do que transferiu o Partido Popular cando estaba nas responsabilidades do Goberno do Estado —un corenta por cento máis—.

A realidade é outra: Galicia podería ter aínda máis recursos, pero vostedes simplemente non queren. Non quixeron aceptar a condonación da débeda por un importe de 4.010 millóns de euros, é dicir, un terzo da débeda creada polos seus gobernos; unha condonación que, grazas á proposta socialista, vai moito máis alá do que pedía calquera dos grupos parlamentarios desta Cámara; unha condonación que non soamente alivia a débeda, senón que é o verdadeiro quilómetro cero do financiamento autonómico no noso país, con criterios, como o da poboación axustada, que teñen en conta a realidade do noso territorio. (*Aplausos.*) ¿E saben por que non a aceptaron? Porque non se trata de Galicia; trátase de obedecer a estratexia de Alberto Núñez Feijóo en Madrid, aínda que iso supoña que Galicia perda e que perdamos cartos e oportunidades. (*Aplausos.*)

O Goberno da Xunta xa non actúa pensando en Galicia, senón en clave absolutamente partidista. E esa é a verdadeira realidade: pasa cos fondos europeos, pasa cos fondos de vivenda, pasa coa educación e pasa tamén aquí co financiamento autonómico. Por tanto —insisto—, pedímoslle ao presidente da Xunta, no seu día, que viñese a esta comparecencia e que o fixese aquí, en sede parlamentaria, para defender cal é o proxecto que ten o Goberno e o Partido Popular para o noso país e, por certo, para o resto do Estado tamén. Cremos que non é menor o debate, cremos que é clave e que marca os recursos que Galicia vai ter para garantir os servizos públicos: para que haxa máis persoal sanitario en Burela, para que haxa máis persoal de apoio en Carballo, para que haxa unha residencia da terceira idade en Petín ou para que os tempos de espera en materia de dependencia diminúan e moito. E mentres a sociedade pide certezas, Alfonso Rueda soamente ofrece



ataques: ataques a outras comunidades, ataques ao Goberno central e, por suposto —como non podería ser doutro modo—, ataques a Pedro Sánchez.

Pero dígame, ¿que é o que defenden para Galicia?; ¿defenden que a nosa terra teña en conta a súa singularidade —o avellentamento, a dispersión, o despoboamento ou a lingua propia—? Pois benvidos ao modelo de financiamento singular que propoñemos os socialistas. *(Aplausos.)* ¿Defenden que o financiamento sexa suficiente para blindar os dereitos da cidadanía en sanidade, en educación, en vivenda ou en dependencia, viva onde viva? Pois benvidos ao modelo de financiamento singular e suficiente que defendemos os socialistas. ¿Defenden que Galicia teña acceso aos fondos de solidariedade xerados por outras comunidades con máis riqueza? Pois benvidos ao modelo de financiamento singular, suficiente e solidario que defendemos os e as socialistas. ¿Defenden que Galicia teña máis capacidade fiscal e máis autonomía para decidir como xestionar os seus recursos? ¡Ai!, aí xa non; iso xa non o defenden. Non, iso, definitivamente, non. O Partido Popular foxe da corresponsabilidade fiscal porque vostedes queren gastar, pero non queren recadar. Vostedes non queren gobernar con responsabilidade, queren gobernar con escusas. Ese é o fin do seu proxecto.

E é absurdo e infantil instalarse na queixa permanente e na rabieta constante. Abandonen, uns e outros, os discursos baleiros e simplistas: nin os que están en contra de todo sen propoñer nada nin os que falan dun concerto económico, co cal Galicia perde. *(Aplausos.)* Quen ten posicións claras e defende con argumentos está loxicamente exposto a críticas —¿como non?!—, pero o que non serve de nada é criticar sen achegar propostas reais.

E, se falamos de orzamentos —porque é do que falamos—, lembren que tamén teñen que financiar parte das accións dos concellos, que son tan administración pública coma vostedes; e aí —sábeno— son debedores. Son os concellos os que invisten por riba do que lles corresponde en servizos sociais, en cultura —porque son os verdadeiros programadores culturais do noso país—, en servizos básicos, en mantemento de infraestruturas e en solucións para a vivenda. Boa parte diso non lles correspondería, pero asúmeno porque vostedes racanean e reteñen fondos que deberían ir ao local.

Galicia está así non porque non poida estar mellor, está así porque vostedes decidiron que non merecía máis, pero nós si cremos que Galicia merece máis; merece un Goberno que loite por cada euro, que invista cada recurso en mellorar a vida da súa xente e que pense no benestar da maioría e non das instrucións que veñen da rúa Xénova, en Madrid.

Este país, señor Rueda, ten futuro, e o seu futuro empeza por recuperar o que é verdadeiramente seu.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todas e a todos.



Antes de máis, neste pleno extraordinario, no Bloque Nacionalista Galego queremos que as nosas primeiras palabras sexan de recordo para Teresa de Jesús, traballadora do SAF asasinada no Porriño o pasado 29 de xullo, vítima do machismo e vítima tamén da indefensión laboral. (*Aplausos.*) O seu asasinato, despois de alertar que sufría acoso sexual, debe marcar un punto de inflexión no noso país, e a Xunta de Galiza debe reaccionar e poñer en marcha as medidas necesarias para protexer un colectivo de milleiros de mulleres que traballan nos fogares, tal e como elas mesmas levan reivindicando moitos anos.

E tamén, falando de violencia machista e aproveitando que, por fin, o señor Rueda acabou a súa rolda de prensa, con que contraprogramou este pleno, e xa nos honra coa súa presenza, temos que dicirlle que seguimos esperando a que desautoricen —si, a que desautoricen— e a que cesen tanto o señor Barba, director xeral de Violencia Machista (*Aplausos.*) como a súa conselleira responsable por esa irresponsabilidade de alegacións, que foron asinadas de puño e letra polo Goberno galego, nas cales se responsabiliza ás mulleres de sufrir violencia machista e nas cales se frivoliza coa sensibilización, como se non fose importante. (*Aplausos.*)

Ben, así as cousas, debatemos hoxe o teito de gasto para o ano 2026, entre fogos de artificio discursivos, pero menores que outras veces. E temos que denunciar, no BNG, dúas cuestións moi claras: a primeira é que, en realidade, unha vez máis, este teito de gasto non ten nada de ambicioso, de histórico ou de expansivo; e non ten nada de ambicioso, de histórico ou de expansivo porque, en realidade, se analizamos o seu aumento, que é de 223 millóns de euros, e o comparamos coa suba da inflación, teremos un aumento do 1,6 por cento e unha inflación, no ano 2024, que chegou ao 2,7 por cento. É dicir, nin sequera cobre iso; por tanto, iso ten unhas consecuencias na vida real, porque, da mesma maneira que todas as persoas notan como co seu salario poden comprar menos cousas no súper, a Administración galega tamén vai notar como estes recursos serán insuficientes para manter os servizos públicos que xa estaban prestando. Polo tanto, en realidade é un recorte orzamentario que vai implicar que van escatimar recursos nos servizos públicos galegos. (*Aplausos.*)

Por iso, señor Corgos, aos líderes da oposición non nos van atopar na incoherencia de criticar que non se invista suficiente nos servizos públicos e, ao mesmo tempo, que incumpran o marco de déficit. Nós o que criticamos, precisamente, é que se adhiran acriticamente, unha vez máis, a ese marco; criticamos tamén que, detrás da mesma propaganda de sempre, anticipan vostedes uns orzamentos que previsiblemente serán repetitivos, que non van servir nin para atender a crise na cal instalaron vostedes os servizos públicos deste país —que están en xaque en ámbitos como na sanidade ou na dependencia— nin van servir tampouco nun contexto a nivel económico delicado para rescatar as maiorías sociais ou para preparar a economía para unha situación en que é evidente que hai unha ralentización económica —nin son vostedes capaces de disimular isto no informe—.

E —tamén hai que dicilo— hai un contexto que é preocupante; un contexto, para o cal temos que dicir desde o BNG, unha vez máis, que avergoñará as xeracións futuras; este contexto avergoñará as xeracións futuras, primeiro, pola inacción ante o xenocidio do Estado sionista de Israel contra a Palestina; (*Aplausos.*) e, segundo, pola escalada bélica internacional. (*Aplausos.*) Unha escalada bélica en que a Unión Europea, o Estado español e vostedes mesmos, entre a paz e a guerra e entre as armas e o gasto social, escollen e escolleron máis



armas e máis guerra. (*Aplausos.*) Isto vai ter consecuencias no mundo e tamén nas nosas finanzas; por iso, nós dicimos: non cos nosos recursos e non no noso nome.

E a segunda cuestión, na cal queremos insistir no debate do teito de gasto, é que, en realidade, é un debate «non-debate»; un debate que non deixa de ter algo de ficticio ou de *performance*; unha manobra de distracción máis do Goberno galego que nos vende que estamos sendo a primeira comunidade do Estado español en aprobalo —como se iso, de por si, significase algo para as maiorías sociais e para a mellora da vida dos galegos e das galegas—, cando, en realidade, o que pretenden vostedes é facer realidade un pouco iso do que advertía a tira de Mafalda, é dicir, que o urxente tape o importante. Entón, véndennos, entre fogos de artificio, que aprobamos o teito de gasto para ocultar o que hai detrás, para ocultar o verdadeiro debate que hai nestes momentos sobre o futuro dos orzamentos do noso país.

E é evidente que hoxe hai un escenario sen precedentes a nivel do Estado español, que, por primeira vez e de forma realista, desde o ano 2014 —desde o 2014, por primeira vez, en once anos—, hai aberta unha oportunidade de negociación do sistema de financiamento. E vostedes están intentando entreternos con debates non-debates, como este do teito de gasto, cando, en realidade, deberían estar ocupados en defender os intereses de Galiza, e non o fan por pleitesía dupla: aos intereses do señor Feijóo en Madrid e a un centralismo con que a Galiza lle vai mal. (*Aplausos.*)

E temos que recordar, unha vez máis, que o teito de gasto é —e señor Corgos, vostede sábeo perfectamente— un instrumento absolutamente perverso porque, para comezar, temos un límite —un límite absolutamente centralista e inxusto— que, unha vez máis, outorga máis capacidade de gasto ao Estado cando somos nós, cando é Galiza, quen ten que soportar as competencias máis importantes para a vida dos galegos e das galegas e tamén as máis custosas. Claro que, ao fin e ao cabo, isto, ao Goberno do señor Rueda pouco lle importa, porque aínda cos recursos que temos se esforza en escatimar recursos para os ámbitos máis importantes. Hai dous titulares, a modo de exemplo: (*A señora Presa Bergantiños mostra un recorte de prensa.*) «Galiza é a autonomía que menos inviste por persoa dependente». Son datos de hai apenas unhas semanas; ou: (*A señora Presas Bergantiños mostra outro recorte de prensa.*) «Galiza sitúase á cola en gasto per cápita para a sanidade, para a educación e para políticas sociais». (*A señora Presas Bergantiños volve mostrar o último recorte de prensa.*) E isto ten, especialmente, bastante mérito porque, desde que vostedes gobernan, hai aproximadamente 57.000 cápitais menos neste país; polo tanto, é evidente que hai un esforzo en deteriorar os servizos públicos.

E, ademais, hai que recordar que o instrumento perverso do teito de gasto ten un pai, ao igual que as políticas de austeridade —recordarán vostedes que está estes días de moda, outra vez, nos titulares, e vouldes dar unha pista—, é dicir, un ministro do Partido Popular que agora está investigado por artellar unha trama para —joh, sorpresa!— favorecer o oligopolio eléctrico —e vostedes asinaron, ademais, desde a Xunta, uns contratos que aínda non remitiron ao Parlamento galego—. Vexo que, unha vez máis, os deputados do Partido Popular teñen ansia por participar neste debate; pois fagan vostedes un debate con máis participación. (*Aplausos.*) Un ministro do señor M. Rajoy —non sei se se acordan de quen era, se lles soa—.



Ben, pois este é o panorama que resume o contexto do teito de gasto: un marco centralista atravesado pola corrupción estrutural, no cal Galiza paga as contas dun Estado que non lle reconece un sistema xusto e que é contrario aos intereses do noso país; por iso, insistimos en que o debate do teito de gasto realmente o que tapa é o importante, que é o que hai detrás, é dicir, a necesidade dun novo sistema de financiamento para Galiza que nos dea a chave dos nosos cartos, porque, o que hai —a realidade é a que é— é que nos atan de pés e mans e isto reconeceo ata o propio Consello de Contas, que estima que cada ano perdemos máis de mil cincocentos trinta e cinco millóns de euros —máis de mil cincocentos trinta e cinco millóns de euros—, que foi o que previron gastar vostedes en todo 2025 para un ámbito tan importante como é a Consellería de Política Social.

Polo tanto, nós agradeceríamos que, en lugar de vangloriarse por traer o teito de gasto a este debate non-debate parlamentario, se centrasen no importante, que é debater un novo sistema para Galiza. E centrarse en dúas negociacións que son clave: primeiro, a quitación da débeda que conseguiu o BNG e que vostedes non están aceptando; e segundo, un cambio de modelo acorde co noso status de nación que nos permita asumir un autogoberno real e que nos permita recadar a nós os nosos impostos.

Máis alá dun teito de gasto negativo, o que temos tamén é unha política económica negativa; unha política económica que se vai acompañar das deficiencias que sinala reiteradamente o Consello de Contas —tamén nos informes das últimas semanas— e que se vai a acompañar dunha política fiscal que é lesiva para este país porque estamos nun contexto en que se van retirar fondos europeos que se estiveron aplicando extraordinariamente; estamos nun contexto en que vai baixar o financiamento europeo, que tamén está en negociación nestas últimas semanas e, sobre o cal, nós xa advertimos que é unha mazada para este país. ¿E que fai a Xunta? Pois manter unha política fiscal que permite que perdamos, cada ano, máis de cincocentos millóns de euros para favorecer sectores económicos que non necesitan ser axudados, en lugar de ter eses recursos para nós. (*Aplausos.*)

Máis alá de que os futuros orzamentos previsiblemente serán orzamentos, outra vez, absolutamente irrealis, que, á máis mínima, serán modificados; modificados, ademais, para perverter o sentido orixinal. Levan vostedes nos seis meses, dos cales temos datos de 2025, máis de vinte millóns de euros de modificacións orzamentarias para derivar recursos da pública para a privada; detraeron vostedes máis de dezasete millóns de euros do SAF para destinalos a outras cuestións, en lugar de axudar os concellos deste país; e así, un longo etcétera; polo tanto —en conclusión—, señor Corgos, un ano máis temos que dicir que é un mal teito de gasto, pero é o anticipo duns previsibles malos orzamentos para un país que ten un Goberno que é incapaz de atender os seus problemas. Polo tanto, a nosa posición será, unha vez máis, contraria a este teito de gasto.

E remato xa, recordando que neste 2025 se cumpren 75 anos do nacemento de Castelao; recordando que Castelao, ao igual que Alexandre Bóveda e tantos homes e mulleres xenerosos do Partido Galeguista defenderon no Estatuto de autonomía (*A señora Presas Bergantiños eleva, na súa man, un libro.*) —que foi interrompido polo golpe fascista do ano 1936 e a ditadura franquista—, xa nese momento, unha facenda galega, que hoxe as



herdeiras do proxecto político nacionalista seguimos a defender e imos seguir defendendo neste contexto absolutamente determinante para o noso país.

Por iso, hoxe dicimos «non» a este teito de gasto; «si» a pensar Galiza en grande; «si» a reclamar que Galiza teña un autogoberno fiscal e financeiro para poder así traballar pola paz, traballar polas maiorías sociais, traballar polos dereitos dos galegos e das galegas e traballar tamén por un futuro como o que merece este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías.

Antes de comezar, permítanme unha mensaxe de apoio e de agradecemento a todos os efectivos que seguen a loitar contra os incendios —felizmente xa estabilizados— causados por aqueles que teiman por queimar Galicia. Grazas polo traballo, grazas polo compromiso a todos eses traballadores que están a salvar Galicia dos incendiarios. (*Aplausos.*)

Señorías, un ano máis, Galicia acode puntual á súa cita co rigor, coa estabilidade e co respecto institucional. E por iso, por décimo quinto ano consecutivo, o Parlamento galego debate e aproba no tempo e na forma o seu teito de gasto —que explicou moi ben, por certo, o conselleiro nos quince minutos que ten asignado o Goberno, non en tempo ilimitado—. Supoño que o señor Besteiro —que xa vai chegando— estaba tan ocupado en pedir que este ano comparecese para explicalo o señor Rueda, que se esqueceu que vostede non participou neste mesmo debate o ano pasado. Pasa tan pouco tempo aquí que xa non se acorda nin do que fai. (*Aplausos.*)

Miren, a pesar da incomodidade que os datos obxectivos xeran na oposición, Galicia volverá ter, neste 2026, o teito de gasto máis alto da súa historia: 14.177 millóns de euros para seguir consolidando e continuar ampliando o mellor e máis amplo estado do benestar que os galegos xamais disfrutasen.

Quero ser xusto e dar tamén un agradecemento á oposición porque, sen dúbida, son a oposición máis apocalíptica, *ceniza*, desnortada e cínica da historia do noso autogoberno —e recoñézolles que non era sinxelo—. O mesmo Goberno galego que leva catorce teitos de gasto e dezaseis orzamentos consecutivos cumprindo estritamente a legalidade, volta cumprir este ano; e, ademais, cumpre sendo consecuente cos escasos datos que facilita o Goberno de España. E, a pesar disto, tan só merece a crítica máis desapiadada da oposición. E mentres, esa mesma oposición sostén e aplaude un Goberno nacional anegado de corrupción, politicamente paralizado e incapaz de cumprir as súas mínimas obrigas constitucionais.



Están vostedes tentando convencernos de que este Goberno moribundo vai esgotar a lexislatura, cando a pregunta que nos estamos facendo os españois é se esta lexislatura —polo menos orzamentariamente— vai comezar nalgún momento. Seguimos cos orzamentos da anterior lexislatura. Os orzamentos que están en vigor en España foron aprobados en novembro de 2022. ¡E veñen aquí sacar peito! ¡É inaudito, señor Besteiro, é inaudito! (Aplausos.) E vén presumir vostede da xestión do señor Sánchez.

Mire, hai apenas oito meses, os socialistas presumían nesta Cámara, en sesión plenaria, de que —cito e abro aspas—: «A influente publicación inglesa, *The Economist*, elixe España como a mellor economía da OCDE de 2024». *The Economist* publicou esta semana: «*El presidente del Gobierno debería asumir la responsabilidad y dimitir. Non existe una razón de peso para que continúe en el cargo. El crecimiento económico en España comenzó antes de su mandato y se debe más a las reformas de su predecesor conservador, Mariano Rajoy, que a las suyas*». ¡E así pasou *The Economist* de influente publicación á máquina do fango (*O señor Pazos Couñago mostra un documento.*) nun só artigo, señorías! ¡Fantástico! (Aplausos.)

Mire, mentres España permanece na maior das incertezas políticas, Galicia está a crecer de maneira sólida e sustentable, froito da planificación rigorosa dun Goberno que leva máis de tres lustros antepoñendo os intereses dos galegos ao interese particular ou partidista. Cando o cómodo era endebedarse sen límite, Galicia apostou por un aumento moderado da débeda, o menor aumento de toda España; cando outros apostaban por un asfixiante aumento da presión fiscal, Galicia baixaba impostos para aliviar a presión fiscal das familias e para favorecer o emprendemento. Galicia leva quince anos sementando confianza na súa economía; pero mentres os galegos recollen os froitos da confianza, a oposición dedica os seus esforzos a inventar argumentos para o seu eterno «non» a todo.

Miren, a primeira escusa deste ano non é moi novidosa: «Non tivemos tempo para estudar a documentación». O señor Ojea pedía o mesmo tempo que lle dedicaran vostedes. Señor Ojea, eu creo que Castela dedicou máis tempo a escribir *Sempre en Galiza* que vostede a lelo, pero, ¡home! —digo eu—, iso non invalidará, ¿verdade?, o argumento que estamos a utilizar hoxe. ¡Iso si!, foi vostede máis consecuente que o BNG, pois, despois de dicir que non tiña tempo para estudar a documentación, anunciou un rotundo «non» ao teito de gasto, 24 horas antes de que se celebrase o pleno de hoxe —un sorpresón inesperado, por outra parte, ¿eh?—. Vencida a sorpresa —eu creo—, temos que reflexionar sobre esta cuestión e sobre este argumento. A ver se, despois de máis de tres lustros dicindo que non a catorce propostas de teito de gasto e a dezaseis orzamentos da Xunta de Galicia, o motivo non era a discrepancia nin a súa teimuda tendencia ao «non», senón que era que non tiveron tempo a estudar. ¿Será isto ou que cada ano lles custa máis inventar unha escusa para seguir votando que non? (Aplausos.)

A segunda tamén a escoitamos: «É que superamos a regra de gasto en 2024». E xa llelo explicou o conselleiro, ¡home! Entre outras cousas e entre moitas cuestións, neste país, a regra non se adopta tendo en conta os intereses de Galicia; iso é evidente. Tamén lles dá igual que o aumento se realizase mantendo o equilibrio orzamentario e reducindo significativamente a débeda; dálles igual. ¡Non!, vostedes critican que aumentemos a regra de gasto, cando vostedes, por certo, en 2024, pedían modificacións no orzamento para aumentar o gasto en 467 millóns de euros. É unha cuestión sorprendente.



Eu non sei como poden vostedes explicarlles aos galegos como podemos aumentar o gasto e ser máis ambiciosos e, ao mesmo tempo, cumprir o límite de gasto. Se as súas señorías socialistas saben xa o segredo de soprar e de sorber ao tempo, estaría ben que o compartisen con todos, sobre todo porque, neste ano, o Goberno dános un 7 por cento máis de orzamento —é certo—, pero só nos limita o gasto nun 3,5 por cento. Señorías, se gastamos máis do permitido, somos malos xestores, pero, se non o facemos, somos pouco ambiciosos. É unha cuestión curiosa a que plantexan vostedes.

O bo comportamento da nosa economía non nos pode levar a ignorar que existen riscos que ameazan o futuro económico de Galicia; riscos que pretenden condicionar o porvir deste país, mediante decisións tomadas, por certo, sen o concurso lexítimo dos representantes do pobo galego. A imposición da mal chamada «quitación da débeda» e o acordo para o financiamento singular de Cataluña representan a maior ameaza ao autogoberno e á suficiencia financeira de Galicia dende a chegada da democracia ao noso país; e o máis grave da situación, señorías, é que neste Parlamento sentan 34 deputados dispostos a defender o indefendible e a xustificar o inxustificable por puro interese partidista. Quedará nas súas consciencias. Os mesmos deputados que afirman aspirar á soberanía fiscal de Galicia, aceptan sen rechistar que, sen o concurso das institucións galegas, se negocie unha transferencia da débeda á medida de Cataluña.

Eu escoitei neste hemiciclo, en moitas ocasións, o BNG acusar o Goberno galego de aceptar o actual sistema de financiamento a pesar de ser lesivo para Galicia. E penso que os galegos merecen que fagamos memoria porque o actual sistema foi froito dun acordo entre o Goberno de Zapatero e o tripartito catalán, pero tamén foi froito dunha chantaxe ás comunidades autónomas.

Entón había que solicitar a incorporación ao novo modelo de financiamento, como hoxe hai que solicitar a mutualización da débeda; e, se non a solicitabas, ameazaban con manterte no financiamento anterior —que aínda era peor que ao que se ofrecía—, ao igual que hoxe ameazan con non condonarte nada da débeda. Se aceptas, tragas cunha mutualización feita á medida da comunidade autónoma máis endebedada de España, que é Cataluña; e se non aceptas, tragas igual coa mutualización á catalá, pero sen mutualizar nada da débeda galega. Novamente, unha chantaxe dun Goberno socialista a Galicia, e, novamente, o BNG posicionado do lado dun Goberno socialista que chantaxea Galicia. Teñen vostedes, señorías do BNG, un cinismo sen límite. Que quede ben claro e que o saiban os galegos: o BNG —o actual BNG— son os sipaios do sanchismo; non se lles pode cualificar doutra maneira, señorías. *(Aplausos.)*

Os mesmos deputados que afirman defender un maior autogoberno para Galicia, póñense, unha e outra vez, do lado dos que tentan limitar o autogoberno. Apoiaron o Goberno que negaba as competencias do litoral; apoiaron o Goberno que nos negaba devolver o IVE non ingresado; apoiaron o Goberno que atacou o dereito sucesorio galego; e tamén apoiaron o Goberno que nos impón un concerto solidario letal para Galicia. Un concerto que só se pode denominar solidario, cun exercicio de cinismo sen precedentes.

Eu preguntolles ás señorías do BNG: ¿están vostedes dispostos a asumir que os investimentos do Estado se realicen en función do PIB das comunidades autónomas? ¿Están



dispostos a que se mude o sistema de cálculo de repartición do IBI das comunidades autónomas á demanda de Cataluña e en contra do interese de Galicia? ¿Están vostedes dispostos a que se utilice o principio da ordinalidade, que non é outra cousa que, que quen máis achega máis ten que recibir?; ¿hai que aplicar ese principio tamén ás declaracións dos particulares?; ¿apoiarían vostedes que se aplicase ese principio na repartición de fondos europeos? ¿Están dispostos a asumir que a suposta achega solidaria que realice Cataluña só chegue a aquelas comunidades que acepten manter a mesma presión fiscal que Cataluña, e, polo tanto, que renuncien á súa autonomía fiscal? A pregunta á que lle ten que responder algunha das súas señorías aos galegos é: ¿por que lles molesta tanto, ou ven tan mal, que Galicia vexa limitada a súa capacidade para decidir, dende Madrid ou dende Bruxelas e, en cambio, aceptan submisamente que sexa outra comunidade autónoma que decida a fiscalidade de Galicia? Ou son vostedes nacionalistas a tempo parcial ou son vostedes cínicos vocacionais a tempo completo —dígollelo de verdade—. (Aplausos.)

Eu creo que os galegos teñen dereito a saber se o BNG acepta isto. (Aplausos.) Xa saben os galegos que o señor Besteiro está disposto a tragar co que sexa, e, por iso foi elixido para recibir cos brazos abertos o señor Illa, permitíndolle vir a Galicia para descualificar todos os expertos galegos ou non que rexeitan o enxendro chamado «cupo». ¿Que saberá disto, do cupo, Fedea?; ¿que saberá o Foro Económico de Galicia?; ¿que saberá o señor Santiago Lago ou o señor Leiceaga?; ¿que saberán o señor Barbón e o señor Page?; ¿que saberá ese perigoso centralista madrileño e facha, chamado Josep Borrell, (*O señor Pazos Couñago mostra un recorte de prensa.*) sobre la financiación catalana? (*O señor Pazos Couñago le un treito do recorte de prensa referido.*) «Nos lo van diciendo poco a poco porque el calibre del supositorio es demasiado grande para que pase de una sola vez». (Aplausos.) ¿Que saberá esta xente?! (Aplausos.) Sábeo o señor Besteiro e sábeo tamén o peor ministro de todo Occidente na xestión da pandemia. Son os que saben. (Aplausos.)

Miren, eu imaxino a conversa co Goberno: oe, hai que mandar a Illa para que explique isto a algunha comunidade autónoma; non se pode escoller ningún ano onde esteamos gobernando porque nos corren a gorrazos, e tampouco mandemos a Illa a ningunha comunidade onde teñamos unha mínima...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...opción de gobernar, porque non nos volven dirixir a... ¿Que non gobernemos e que non teñamos unha opción de gobernar? ¡Home, teño o sitio ideal!: ¡Galicia, que o amigo Besteiro traga co que lle mandemos! (*Murmurios.*) ¡Non hai ningún problema, en Galicia non hai nada que perder!

Señor Besteiro —dígollo de verdade—, non se preocupe, por moito que vostede se humille e por moito que o BNG faga exactamente o mesmo, Galicia vai seguir tendo quen defenda os seus intereses e a súa dignidade; e por iso a Galicia do «si» vai dicir «si» a este teito de gasto.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación do límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Votamos.

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 30; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Antes de dar por rematado este pleno, permítanme que lea con gran satisfacción unha declaración institucional en apoio do manifesto da Plataforma Dereito ao Tren, e que di:

«A estación da Gudiña-Porta de Galicia dá servizo de tren ao territorio do oriente de Ourense, que inclúe as comarcas da Limia, da Terra de Trives, de Valdeorras, de Verín e de Viana, e facilita a comunicación co norte de Portugal.

Os horarios dispoñibles na devandita estación, ata o pasado 9 de xuño de 2025, permitían desprazarse para acudir a unha consulta médica, para realizar xestións administrativas e para diferentes casos de uso relacionados co emprego, coa educación, co turismo rural, co desenvolvemento local, co emprendemento, coa conciliación familiar e cun longo etcétera; en definitiva, tratábase duns horarios que posibilitaban á poboación exercer o seu dereito de mobilidade e de acceso aos servizos.

O 9 de xuño, Renfe oficializou uns novos horarios que eliminaron dezaseis trens que, ata entón, tiñan parada na Gudiña. Os cambios introducidos por Renfe quitáronnos o dereito á mobilidade e poñen en grave risco a igualdade de oportunidades no noso territorio. Agora emprendemos unha mobilización para defender o noso dereito á mobilidade, á igualdade de oportunidades e ao acceso ás infraestruturas, que transforman o noso territorio e das que outros, pero non nós, poden gozar. Queremos ver pasar o tren, que pare, e que sexa útil.

O noso medio rural debe ter as mesmas oportunidades que o resto dos territorios. A desaparición dos horarios útiles de tren pon en risco tamén a continuidade da propia estación. Os horarios inútiles farán que se utilice menos e, por tanto, darán pé á redución posterior dos servizos e, finalmente, ao peche da estación.



Para permitir a conexión do AVE coas comarcas veciñas de Valdeorras e de Verín, establecéronse autobuses de ligazón entre os concellos e a estación. Eses horarios de transporte por estrada permitiron manter conectadas as comarcas. Con todo, agora están tamén en risco de desaparición.

Por todo iso, solicitamos a todas as administracións involucradas, tanto provinciais como autonómicas e estatais, que nos permitan á cidadanía acceder a un dereito fundamental como é o transporte e que nos permitan acceder aos servizos sen discriminación territorial.

A nosa reivindicación é que a estación da Gudiña–Porta de Galicia conte con horarios útiles para as necesidades que ten a poboación neste territorio, en igualdade de condicións con outros territorios e coas estacións de orixe. Por iso pedimos: un, a adaptación dos horarios ás necesidades da poboación; dous, o restablecemento das frecuencias eliminadas; tres, a aposta por un servizo público ferroviario e útil».


(Apróbase por asentimento.) (Aplausos prolongados.)

Que así sexa. Grazas.

Remata aquí o pleno. Moitas grazas e moi bo día.

Remata a sesión ás dúas e dezanove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

